

I.5. POBOACIÓN

A estrutura poboacional de Galicia caracterízase pola dispersión ou espallamento xeográfico dos núcleos de poboación (Galicia acolle case o 50% das entidades de poboación españolas), a concentración dos habitantes na denominada Galicia occidental-costa e na Galicia urbana e polo envellecemento da poboación (o 21,3% da poboación galega ten máis de 65 anos, fronte ao 16,6% no conxunto do Estado).

No último ano, Galicia continuou co preocupante e paulatino descenso do peso relativo da súa poboación no total español, que pasa do 6,37% segundo os datos a un de xaneiro de 2004 ao 6,26% da mesma data de 2005. O número de persoas empadroadas na comunidade autónoma a principios de ano era de 2.762.198, un 0,4% máis que no ano anterior.

Este incremento da poboación ven explicado na súa práctica totalidade polo aumento da poboación estranxeira. Dos 11.213 novos empadroadamentos, 10.976 corresponden a persoas de nacionalidade estranxeira, e só 217 a persoas de nacionalidade española. A pesar deste comportamento, a poboación estranxeira representa soamente o 2,5% da poboación total galega, porcentaxe seis puntos inferior á rexistrada de media en España. A importancia relativa dos estranxeiros que viven en Galicia no conxunto da poboación estranxeira do Estado foi do 1,9% (63.363 persoas). Cómpre salientar que, a diferenza do acontecido en España, mantense a tendencia á feminización de todo o colectivo estranxeiro.

Outro aspecto a destacar é a persistencia de fortes movementos migratorios, que explican, en parte, a situación descrita anteriormente. No último ano medrou o **saldo migratorio** positivo para Galicia (15.052 migracións), por mor tanto do incremento do saldo positivo co estranxeiro coma pola redución do saldo negativo co resto das comunidades autónomas españolas.

No que ás migracións internas se refire, aproximadamente oito de cada dez variacións residenciais dentro de Galicia prodúcense dentro da mesma provincia. Asemade, no que atinxe á mobilidade interprovincial, mantense as saídas dende Lugo e Ourense cara a A Coruña e Pontevedra.

Canarias, Madrid e Cataluña son os principais destinos e orixes dos fluxos migratorios co resto do Estado e acollen, en conxunto, máis da metade destas emigracións e inmigracións galegas. Galicia é a comunidade autónoma que recibe máis españois procedentes do estranxeiro, co 17,5% do total, mentres que a importancia relativa de estranxeiros que chegan a Galicia é do 2%.

ESTRUTURA E DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN

A poboación empadroada en Galicia a 1 de xaneiro de 2005 medrou un 0,4% respecto á mesma data do ano anterior, acadando os 2.762.198 habitantes (11.213 persoas máis que no 2004). Tendo en conta que a poboación empadroada no conxunto do Estado medrou un 2,1%, hai que salientar que continúa o paulatino descenso do peso relativo da poboación galega no total estatal, que representa o 6,26% fronte ao 6,37% do ano anterior.

O **cadro 1.5.1.** reflicte que, do mesmo xeito que para o conxunto da poboación galega, o peso relativo dos galegos e galegas continúa reducíndose. A un de xaneiro de 2005, Galicia acollía o 6,11% dos homes e o 6,41% das mulleres, cando na mesma período do ano anterior, estas porcentaxes ascendían ao 6,22% e ao 6,51%, respectivamente.

Poboación de dereito nas CC.AA.

	Revisión padronal a 1/1/2004			Hab./Km2	Revisión padronal a 1/1/2005			Hab./Km2	05/04 (variac. absoluta)
	Total	Homes	Mulleres		Total	Homes	Mulleres		
Andalucía	7.687.518	3.800.208	3.887.310	87,8	7.849.799	3.889.605	3.960.194	89,6	162.281
Aragón	1.249.584	620.874	628.710	26,2	1.269.027	632.148	636.879	26,6	19.443
Asturias	1.073.761	515.047	558.714	101,3	1.076.635	516.329	560.306	101,5	2.874
Baleares	955.045	478.046	476.999	191,3	983.131	492.642	490.489	196,9	28.086
Canarias	1.915.540	960.658	954.882	257,2	1.968.280	988.230	980.050	264,3	52.740
Cantabria	554.784	270.907	283.877	104,3	562.309	274.797	287.512	105,7	7.525
Castela e León	2.493.918	1.231.258	1.262.660	26,5	2.510.849	1.240.450	1.270.399	26,6	16.931
Castela-A Mancha	1.848.881	925.694	923.187	23,3	1.894.667	950.976	943.691	31,6	45.786
Cataluña	6.813.319	3.366.329	3.446.990	212,2	6.995.206	3.468.235	3.526.971	217,8	181.887
C. Valenciana	4.543.304	2.251.812	2.291.492	195,4	4.692.449	2.332.283	2.360.166	201,8	149.145
Extremadura	1.075.286	534.704	540.582	25,8	1.083.879	539.225	544.654	26,0	8.593
Galicia	2.750.985	1.324.987	1.425.998	93,0	2.762.198	1.330.703	1.431.495	93,4	11.213
A Coruña	1.121.344	538.764	582.580	141,0	1.126.707	541.189	585.518	141,7	5.363
Lugo	358.452	173.812	184.640	49,3	357.625	173.399	184.226	49,2	-827
Ourense	340.258	163.299	176.959	34,5	339.555	163.012	176.543	34,5	-703
Pontevedra	930.931	449.112	481.819	207,1	938.311	453.103	485.208	208,7	7.380
Madrid	5.804.829	2.804.962	2.999.867	716,8	5.964.143	2.887.718	3.076.425	736,5	159.314
Murcia	1.294.694	652.057	642.637	114,4	1.335.792	677.049	658.743	118,1	41.098
Navarra	584.734	292.059	292.675	56,3	593.472	296.587	296.885	57,1	8.738
País Vasco	2.115.279	1.035.863	1.079.416	292,4	2.124.846	1.040.525	1.084.321	293,7	9.567
A Ríoxa	293.553	147.214	146.339	58,2	301.084	151.730	149.354	59,7	7.531
Ceuta	74.654	38.113	36.541	3.929,2	75.276	38.315	36.961	3.961,9	622
Melilla	68.016	34.455	33.561	5.232,0	65.488	33.322	32.166	5.037,5	-2.528
Total	43.197.684	21.285.247	21.912.437	85,4	44.108.530	21.780.869	22.327.661	87,2	910.846
Galicia / España (%)	6,37	6,22	6,51		6,26	6,11	6,41		2,1

Fonte: INE, Revisión del Padrón Municipal de Habitantes

Poboación de dereito en Galicia 2004-05: distribución segundo comarcas

Comarcas	Revisión do Padrón a 1/1/04			Revisión do Padrón a 1/1/05			05/04	
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	(%)	(total)
A Coruña	1.121.344	538.764	582.580	1.126.707	541.189	585.518	0,5	5.363
Arzúa	18.692	9.238	9.454	18.496	9.135	9.361	-1,0	-196
Barbanza	66.499	32.461	34.038	66.832	32.633	34.199	0,5	333
A Barcala	11.385	5.458	5.927	11.321	5.430	5.891	-0,6	-64
Bergantiños	70.698	34.656	36.042	70.458	34.505	35.953	-0,3	-240
Betanzos	39.285	19.057	20.228	39.238	19.084	20.154	-0,1	-47
A Coruña	373.422	177.502	195.920	377.906	179.566	198.340	1,2	4.484
Eume	27.989	13.832	14.157	27.760	13.732	14.028	-0,8	-229
Ferrol	163.853	78.208	85.645	163.669	78.133	85.536	-0,1	-184
Fisterra	24.466	12.020	12.446	24.326	11.927	12.399	-0,6	-140
Muros	15.335	7.406	7.929	15.239	7.361	7.878	-0,6	-96
Noia	36.482	17.573	18.909	36.370	17.496	18.874	-0,3	-112
Ordes	38.442	18.830	19.612	38.396	18.786	19.610	-0,1	-46
Ortega	16.016	7.728	8.288	15.810	7.644	8.166	-1,3	-206
Santiago	150.286	71.462	78.824	152.842	72.587	80.255	1,7	2.556
O Sar	17.354	8.311	9.043	17.306	8.294	9.012	-0,3	-48
Terra de Melide	13.911	6.919	6.992	13.854	6.898	6.956	-0,4	-57
Terra de Soneira	20.886	10.205	10.681	20.713	10.141	10.572	-0,8	-173
Xallas	16.343	7.898	8.445	16.171	7.837	8.334	-1,1	-172
Lugo	358.452	173.812	184.640	357.625	173.399	184.226	-0,2	-827
Os Ancares	13.367	6.963	6.404	13.109	6.834	6.275	-1,9	-258
Chantada	16.390	7.978	8.412	16.144	7.845	8.299	-1,5	-246
A Fonsagrada	7.020	3.674	3.346	6.908	3.624	3.284	-1,6	-112
Lugo	115.034	54.657	60.377	115.814	55.019	60.795	0,7	780
A Mariña Central	30.188	14.594	15.594	30.359	14.712	15.647	0,6	171
A Mariña Occidental	27.516	13.408	14.108	27.560	13.432	14.128	0,2	44
A Mariña Oriental	17.225	8.197	9.028	17.268	8.194	9.074	0,2	43
Meira	6.324	3.088	3.236	6.214	3.051	3.163	-1,7	-110
Quiroga	6.861	3.346	3.515	6.800	3.308	3.492	-0,9	-61
Sarria	25.683	12.773	12.910	25.485	12.656	12.829	-0,8	-198
Terra Chá	47.210	23.172	24.038	46.688	22.939	23.749	-1,1	-522
Terra de Lemos	34.848	16.670	18.178	34.641	16.569	18.072	-0,6	-207
A Ulloa	10.786	5.292	5.494	10.635	5.216	5.419	-1,4	-151
Ourense	340.258	163.299	176.959	339.555	163.012	176.543	-0,2	-703
Allariz-Maceda	15.210	7.401	7.809	15.120	7.374	7.746	-0,6	-90
Baixa Limia	9.416	4.474	4.942	9.245	4.373	4.872	-1,8	-171
O Carballiño	29.813	14.102	15.711	29.852	14.131	15.721	0,1	39
A Limia	24.406	12.000	12.406	24.266	11.925	12.341	-0,6	-140
Ourense	143.961	68.060	75.901	144.282	68.254	76.028	0,2	321
O Ribeiro	20.258	9.589	10.669	20.154	9.556	10.598	-0,5	-104
Terra de Caldelas	4.298	2.143	2.155	4.203	2.103	2.100	-2,2	-95
Terra de Celanova	22.053	10.455	11.598	21.963	10.433	11.530	-0,4	-90
Terra de Trives	5.565	2.801	2.764	5.473	2.769	2.704	-1,7	-92
Valdeorras	29.024	14.301	14.723	28.984	14.283	14.701	-0,1	-40
Verín	28.811	14.197	14.614	28.697	14.106	14.591	-0,4	-114
Viana	7.443	3.776	3.667	7.316	3.705	3.611	-1,7	-127
Pontevedra	930.931	449.112	481.819	938.311	453.103	485.208	0,8	7.380
O Baixo Miño	47.145	22.931	24.214	48.042	23.424	24.618	1,9	897
Caldas	35.120	16.889	18.231	35.208	16.961	18.247	0,3	88
O Condado	39.532	19.134	20.398	40.192	19.513	20.679	1,7	660
Deza	45.793	22.303	23.490	45.328	22.104	23.224	-1,0	-465
O Morrazo	81.228	40.189	41.039	81.895	40.502	41.393	0,8	667
A Paradanta	17.286	8.276	9.010	17.120	8.216	8.904	-1,0	-166
Pontevedra	118.719	56.659	62.060	119.981	57.402	62.579	1,1	1.262
O Salnés	106.214	51.590	54.624	107.538	52.245	55.293	1,2	1.324
Tabeirós-Terra de Montes	29.141	13.719	15.422	29.011	13.644	15.367	-0,4	-130
Vigo	410.753	197.422	213.331	413.996	199.092	214.904	0,8	3.243
Galicia	2.750.985	1.324.987	1.425.998	2.762.198	1.330.703	1.431.495	0,4	11.213

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes

Poboación residente en núcleos de máis de 10.000 habitantes 2004-05

	2004		2005		05/04		Concellos >10.000 habs.
		(% / total provincial)		(% / total provincial)		(%)	
A Coruña	771.339	68,8	778.475	69,1	7.136	0,9	22
Lugo	154.876	43,2	155.812	43,6	936	0,6	5
Ourense	148.929	43,8	149.229	43,9	300	0,2	4
Pontevedra	756.292	81,2	762.684	81,3	6.392	0,8	24
Total	1.831.436	66,6	1.846.200	66,8	14.764	0,8	55

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de IGE, Padrón Municipal de Habitantes

1.5.3.
Poboación das sete grandes cidades 2004-05

	Revisión do Padrón a 1/1/04	Revisión do Padrón a 1/1/05	05/04	
			(%)	(total)
Vigo	292.059	293.725	0,6	1.666
A Coruña	242.846	243.349	0,2	503
Ourense	108.600	108.358	-0,2	-242
Santiago	92.298	92.919	0,7	621
Lugo	91.426	92.271	0,9	845
Pontevedra	78.715	79.372	0,8	657
Ferrol	77.859	77.155	-0,9	-704
Total	983.803	987.149	0,3	3.346
Total / total C.A. (%)	35,8	35,7	-	-

Fonte: IGE, Padrón Municipal de Habitantes

1.5.4.

Ao igual que acontecera nos últimos anos, rexístrase unha medra da concentración da poboación nas provincias de A Coruña e Pontevedra. Despois do aumento da poboación residente nestas dúas provincias (5.363 e 7.380 persoas, respectivamente) e o descenso da mesma en Lugo e Ourense (827 e 703 habitantes menos, respectivamente), o 74,8% da poboación galega reside en municipios de A Coruña e Pontevedra e o 25,2% nos de Ourense e Lugo.

Os datos do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2005 indican que nas 24 comarcas englobadas na denominada Galicia occidental-costa residían 1.937.809 habitantes (13.401 persoas máis que no mesmo período do ano anterior), o que representa o 70,2% da poboación galega. Pola contra, e a pesar da medra da poboación estranxeira, volve a descender a poboación residente no conxunto das comarcas do interior (2.188 persoas menos), acadando os 824.390 habitantes segundo os datos do Padrón de 2005.

Das dazaseis comarcas galegas nas que medra a poboación, **cadro 1.5.2.**, catro pertencen á denominada Galicia interior: as comarcas de Lugo, de O Carballiño e Ourense, en Ourense, e O Condado, en Pontevedra. Das outras doce comarcas, seis pertencen á provincia de Pontevedra (O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, Pontevedra, O Salnés e Vigo), tres á de A Coruña (Barbanza, A Coruña e Santiago) e as outras tres, a Lugo (as tres da Mariña).

Se por núcleo urbano se entende todo aquel municipio con máis de dez mil habitantes empadroados, nos 55 concellos galegos considerados como tais residen as dúas terceiras partes da poboación galega (1.846.200 persoas). Fronte ao incremento da poboación nestes concellos, 14.764 habitantes

Volumen de estranxeiros residentes e poboación total 2005

	Estranxeiros (1)			Poboación total (2)			(1) / (2) (%)
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
España	3.730.610	1.992.034	1.738.576	44.108.530	21.780.869	22.327.661	8,5
Galicia	69.363	33.180	36.183	2.762.198	1.330.703	1.431.495	2,5
A Coruña	23.855	10.916	12.939	1.126.707	541.189	585.518	2,1
Lugo	6.930	3.182	3.748	357.625	173.399	184.226	1,9
Ourense	11.343	5.324	6.019	339.555	163.012	176.543	3,3
Pontevedra	27.235	13.758	13.477	938.311	453.103	485.208	2,9
(%)							
Galicia / España	1,9	1,7	2,1	6,3	6,1	6,4	
A Coruña / Galicia	34,4	32,9	35,8	40,8	40,7	40,9	
Lugo / Galicia	10,0	9,6	10,4	12,9	13,0	12,9	
Ourense / Galicia	16,4	16,0	16,6	12,3	12,3	12,3	
Pontevedra / Galicia	39,3	41,5	37,2	34,0	34,0	33,9	

Fonte: INE, Revisión del Padrón municipal 2005

1.5.5.

máis, a Galicia rural segue a perder poboación, acollendo no derradeiro ano un total de 915.998 persoas, 3.551 habitantes menos que no ano anterior.

Oito de cada dez pontevedreses residen en núcleos de máis de dez mil habitantes, sendo esta relación de sete de cada dez no caso dos empadroados na provincia de A Coruña. Nas provincias de Ourense e Lugo os residentes nos núcleos urbanos representan o 43% dos habitantes desas provincias.

A diferenza do acontecido no ano anterior, e por mor da influencia do aumento da poboación estranxeira, o número de persoas residentes nos sete grandes núcleos urbanos medrou entre as dúas datas consideradas. A un de xaneiro de 2005, a poboación empadroada nestas cidades ascendeu a 987.149 persoas, o 35,7% da poboación galega, rexistrándose un incremento de 3.346 persoas.

Como reflicte o **cadro 1.5.4.**, os concellos de Ferrol e Ourense experimentaron unha caída da súa poboación. Pola contra, as medras máis acusadas déronse en Vigo, con 1.666 habitantes máis, e Lugo, con 845 persoas empadroadas máis que o 1 de xaneiro de 2004.

• **Poboación estranxeira empadroada**

O número de estranxeiros empadroados en Galicia a un de xaneiro de 2005 ascendeu a 69.363 persoas, o que representa o 2,5% da poboación galega empadroada nesa data (no conxunto do Estado a poboación estranxeira representa o 8,5%). Comparado co ano anterior, a poboación estranxeira medrou en Galicia en 10.976 persoas, polo que o incremento da poboación galega entre o un de xaneiro de 2004 e 2005 ven explicado, na súa meirande parte, pola medra da poboación foránea (a poboación española medrou tan só en 237 persoas). En termos relativos, a poboación foránea medra un 18,8% respecto aos datos do padrón do ano 2004, sendo esta medra do 18,1% no caso das mulleres (5.542 mulleres máis) e 19,6% no dos homes (5.434 varóns máis). O **cadro 1.5.5.** indica que Galicia acolle o 1,9% dos estranxeiros empadroados en España, representando a poboación galega o 6,3% da poboación española.

Pontevedra non só é a provincia que acolle o maior número de estranxeiros, con 27.235 persoas, senón que é a que experimenta o crecemento máis elevado, cunha medra de 4.618 persoas respecto

Número medio de fillos por muller en Galicia e España 2001-05

	2001	2002	2003	2004	2005 (1)
Galicia	0,96	0,95	1,00	1,00	1,02
A Coruña	0,95	0,93	0,98	1,00	1,03
Lugo	0,81	0,81	0,87	0,85	0,88
Ourense	0,82	0,82	0,92	0,86	0,87
Pontevedra	1,06	1,06	1,09	1,10	1,12
España	1,25	1,26	1,31	1,33	1,34

(1) datos provisionais

Fonte: INE, Indicadores demográficos básicos

1.5.6.

aos datos do Padrón do ano anterior. Séguelle A Coruña, que, tras un incremento de 3.910 persoas, acolle un total de 23.855 estranxeiros.

No que atinxe ao seu peso relativo na poboación total empadroada, o 3,3% da poboación empadroada en Ourense é estranxeira, sendo esta porcentaxe do 2,9% en Pontevedra e do 2,1% en A Coruña. A provincia de Lugo é a que rexistra tanto o menor número de estranxeiros empadroados, con 6.930 persoas, coma a que ten un peso relativo na poboación total máis reducido, co 1,9%.

Do conxunto de estranxeiros empadroados en Galicia, máis de catro de cada dez persoas proveñen de Portugal, Colombia e Arxentina. Un 16,8% do total de estranxeiros empadroados é de nacionalidade portuguesa, mentres que os de nacionalidade colombiana e arxentina supoñen o 12,0% e o 11,0% dos estranxeiros, respectivamente. Atendendo á importancia relativa no conxunto do Estado, cómpre salientar que as persoas de nacionalidade portuguesa residentes en Galicia representan o 17,6% dos portugueses empadroados en España, sendo estas porcentaxes do 9,6% no caso da comunidade uruguaia, do 8,7% no das persoas procedentes de Cabo Verde e do 8,6% no caso das persoas de nacionalidade venezolana e brasileira.

De xeito similar á distribución da poboación galega, case tres cuartas partes dos estranxeiros empadroados o están nas provincias de Pontevedra e A Coruña (73,7% da poboación foránea). Cómpre salientar a importancia relativa dos portugueses en Ourense, que acolle ao 39,9% dos portugueses empadroados en Galicia. Asemade, nesta provincia catro de cada dez estranxeiros proveñen de Portugal.

MOVEMENTO NATURAL DA POBOACIÓN

Segundo os *Indicadores demográficos básicos* do INE, o número medio de fillos por muller en Galicia no ano 2005 foi de 1,02, fronte aos 1,34 fillos por muller de media a nivel estatal. O **cadro 1.5.6.** reflicte que Pontevedra segue a ser a provincia coa taxa máis elevada, con 1,12 fillos por muller, seguida de A Coruña, con 1,03 fillos por muller. Ao igual que o acontecido en 2002 e 2003, a idade media á maternidade en Galicia sitúase en 2004 por riba da media estatal: 31,2 anos para as galegas, fronte aos 30,9 anos no conxunto do Estado.

A **taxa da natalidade** en Galicia volve a presentar unha medra ao acadar os 7,79 nacementos por cada 1.000 habitantes, fronte aos 7,61 nacementos do ano anterior. En España, a taxa de natalidade continuou crecendo, situándose a mesma nos 10,73 nacementos por cada mil habitantes, fronte aos 10,65 nacementos por cada 1.000 habitantes do ano anterior. Comparada co resto das comunidades autónomas, Galicia presenta unha taxa tan só superior á rexistrada en Asturias (7,14).

En termos absolutos, **cadro 1.5.8.**, en 2005 naceron en Galicia un total de 21.164 nenos (543 nacementos máis que no ano anterior), o que representa o 4,5% do total de nacementos en España. As pro-

Taxas ⁽¹⁾ de nupcialidade, natalidade e mortalidade nas CC.AA. 2004-05 ⁽²⁾

	Nupcialidade		Natalidade		Mortalidade	
	2004	2005	2004	2005	2004	2005
Andalucía	5,58	5,69	11,70	11,94	8,28	8,54
Aragón	4,76	4,68	9,27	9,33	10,66	10,85
Asturias	4,68	5,12	6,81	7,14	11,84	11,97
Baleares	4,82	4,30	11,42	11,20	7,46	8,20
Canarias	3,62	3,46	10,18	10,21	6,63	6,71
Cantabria	5,29	5,50	9,23	9,37	9,51	9,93
Castela - A Mancha	4,83	5,45	10,06	9,76	9,48	9,40
Castela e León	4,17	4,87	7,67	7,84	10,68	10,90
Cataluña	4,99	4,60	11,47	11,62	8,60	9,11
C. Valenciana	5,79	5,23	10,98	11,06	8,61	8,96
Extremadura	4,53	4,94	9,27	9,36	9,76	10,08
Galicia	4,20	4,34	7,61	7,79	10,53	10,82
Madrid	5,24	4,05	11,98	11,89	6,99	7,08
Murcia	5,18	5,07	13,00	13,18	7,48	7,63
Navarra	5,06	4,66	10,91	10,60	8,67	9,03
País Vasco	4,78	4,65	9,32	9,45	8,90	9,18
A Ríoxa	5,07	4,76	10,09	10,20	9,15	9,45
Ceuta	5,24	4,89	14,86	18,60	6,88	6,96
Melilla	6,07	4,54	14,85	19,13	6,79	6,73
España	5,06	4,82	10,65	10,73	8,71	8,92

(1) Tódalas taxas son por 1.000 habitantes

(1) Os datos de 2004 son definitivos e os datos de 2005 son provisionais

Fonte: INE, *Movimiento Natural de la Población*

1.5.7.

Matrimonios, nacementos, defuncións e crecemento vexetativo en Galicia e España 2004-05 ⁽¹⁾

	Matrimonios		Nacementos		Defuncións		Crecemento vexetativo	
	2004	2005	2004	2005	2004	2005	2004	2005
A Coruña	4.899	4.947	8.546	8.860	11.292	11.994	-2.746	-3.134
Lugo	1.173	1.223	2.003	2.044	4.763	4.654	-2.760	-2.610
Ourense	1.178	1.320	1.901	1.903	4.403	4.549	-2.502	-2.646
Pontevedra	4.123	4.295	8.171	8.357	8.082	8.179	89	178
Total	11.373	11.785	20.621	21.164	28.540	29.376	-7.919	-8.212
España	216.149	209.125	454.591	465.616	371.934	387.019	82.657	78.597

(1) Os datos de 2004 son definitivos e os datos de 2005 son provisionais

Fonte: INE, *Movimiento natural de la población*

1.5.8.

Taxa⁽¹⁾ de mortalidade infantil en Galicia e España 2003-05 ⁽²⁾

	2003	2004	2005
Galicia	3,38	3,15	3,40
A Coruña	5,38	3,16	5,08
Lugo	4,90	3,99	1,17
Ourense	0,99	3,16	1,58
Pontevedra	1,50	2,94	2,51
España	3,57	3,99	4,12

(1) mortalidade infantil por cada 1000 nacementos

(2) Anos 2004 e 2005: datos provisionais

Fonte: INE, *Demografía y población*

1.5.9.

**Interrupcións voluntarias do embarazo nas CC.AA 2003-04:
distribución segundo C.A. de residencia ⁽¹⁾**

	2003	2004
	(%)	
Andalucía	8,25	8,98
Aragón	10,70	10,10
Asturias	7,84	8,55
Baleares	13,70	12,38
Canarias	6,25	6,23
Cantabria	4,26	4,51
Castela - A Mancha	5,80	5,79
Castela e León	5,84	5,80
Cataluña	11,39	10,89
Comunidade Valenciana	8,27	8,60
Extremadura	3,83	5,19
Galicia	4,22	4,47
Madrid	12,83	12,03
Murcia	11,69	10,48
Navarra	4,81	5,22
País Vasco	3,99	4,47
A Ríoxa	8,04	7,58
Ceuta e Melilla	3,06	3,10
Total	8,77	8,94

(1) Taxas por 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos

Fonte: Ministerio de Sanidad y Consumo, Interrupción voluntaria del embarazo

1.5.10.

vincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de nacementos, con 8.860 e 8.357 nacementos, respectivamente.

A **taxa de mortalidade** situouse no conxunto de Galicia nas 10,82 defuncións por cada mil habitantes (10,53 no ano anterior), fronte ás 8,92 defuncións por cada mil habitantes no conxunto do Estado (8,71 defuncións en 2004). Esta taxa volve a situar a Galicia como a cuarta comunidade autónoma coa taxa máis elevada, tan só superada por Asturias (11,97), Castela e León (10,90) e Aragón (10,85).

Xunto a este incremento da taxa de mortalidade, cómpre salientar a medra da taxa de mortalidade infantil en Galicia, **cadro 1.5.9.**, que pasa dos 3,15 falecementos por cada 1.000 nacementos do 2004 (3,99 falecementos no conxunto do Estado) aos 3,40 do 2005 (4,12 en España). A pesar desta medra, todas as provincias galegas, agás A Coruña, presentan un descenso das súas taxas de mortalidade infantil. A Coruña foi a provincia coa taxa máis elevada, con 5,0 defuncións por cada mil nacementos.

En 2005 producíronse en Galicia un total de 29.376 defuncións, 836 falecementos máis que no ano anterior, representando o 7,6% do total de defuncións habidas en España no último ano. A diferenza do acontecido no ano anterior, o número de falecementos descende en Lugo, mentres que medra nas outras tres provincias. Tras esta evolución, A Coruña rexistrou en 2005 un total de 11.994 falecementos, seguida de Pontevedra con 8.179 mortes, e Lugo e Ourense, con 4.654 e 4.549 defuncións, respectivamente.

A evolución dos nacementos e das defuncións explica a evolución do crecemento vexetativo, que ven recollido no **cadro 1.5.8.** Obsérvase que este volve a ser negativo en Galicia (-8.212) a diferenza do que acontece en España (78.597), sendo a comunidade autónoma co valor negativo máis notorio. Ao igual que no ano anterior, en 2005 o saldo vexetativo é negativo en tres das catro provincias, acadando Pontevedra un saldo positivo de 178.

Títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro 2005

	categoria xeral	categoria especial	Total
A Coruña	6.382	390	6.772
Lugo	1.545	148	1.693
Ourense	1.235	128	1.363
Pontevedra	6.118	437	6.555
Total	15.280	1.103	16.383

Fonte: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Muller e Xuventude, Estatística de familias numerosas

1.5.11.

A diferenza do acontecido no ano anterior, rexistrouse en Galicia unha medra no número de **interrupcións voluntarias de embarazo**, pasando das 4,22 interrupcións por cada 1.000 mulleres entre 15 e 44 anos no ano 2003 ás 4,47 interrupcións do ano 2004 (último dato dispoñible). Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 1.5.10.**, Galicia sitúase, tras Ceuta e Melilla (3,10), coma a comunidade con menor número de interrupcións por cada mil mulleres entre 15 e 44 anos en 2004.

O **cadro 1.5.11.** recolle o número de títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro de 2005, que ascendeu a 16.383 títulos, dos que 15.280 son títulos de categoría xeral. Atendendo á súa distribución provincial, as provincias de A Coruña e Pontevedra son quen teñen un maior número de títulos en vigor, con 6.772 e 6.555 títulos respectivamente, o que supón que ambas as dúas provincias acollen o 81,3% do total de títulos de familia numerosa en vigor a 31 de decembro.

MOVEMENTOS MIGRATORIOS

O saldo migratorio en Galicia continuou coa súa tendencia crecente, acadando no derradeiro ano un valor positivo de 15.052. O **cadro 1.5.12.** indica que este saldo é resultado dun saldo positivo no caso das migracións co estranxeiro (16.929 movementos) e dun saldo negativo co resto do Estado (-1.877 movementos).


Os fluxos migratorios de persoas con idades comprendidas entre 16 e 64 anos representan o 76,8% do total de emigracións e o 75,6% das inmigracións. Todos os grupos de idades, tanto no caso dos homes coma das mulleres, presentan en 2004 un saldo migratorio positivo.

As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que presentan o maior número de movementos migratorios ao acoller, en conxunto, o 74,4% das emigracións e o 76,1% das inmigracións. En termos relativos, Ourense é a provincia que maior número de saídas ten por cada mil habitantes, con 34,6 emigracións (a media galega é de 28,9 saídas por cada mil habitantes), seguida de A Coruña, con 31,4 emigracións, en tanto que no caso das entradas nos concellos galegos, A Coruña e Ourense presentan case 38 saídas por cada mil habitantes.

Á hora de analizar os movementos residenciais consideráranse, en primeiro lugar, os fluxos migratorios producidos entre concellos galegos, para posteriormente centrarse nos fluxos migratorios coas outras comunidades españolas e os fluxos migratorios de Galicia fóra de España.

O número total de **migracións internas** (dentro da mesma comunidade autónoma) ascendeu a 57.312 en 2004 (último ano dispoñible), o que significa que nese ano houbo un total de 20,7 migracións por cada mil habitantes. Entre as características destes fluxos migratorios cómpre salientar, dunha banda, que as variacións residenciais dentro de Galicia prodúcense, na súa meirande parte, dentro da

Evolución do saldo migratorio en Galicia 1991-2004



Fonte: IGE, Movements migratorios

1.5.12.

mesma provincia (81,8%). Doutra, no que á mobilidade interprovincial se refire, mantense as saídas dende Lugo e Ourense cara a A Coruña e Pontevedra.

No que atinxe ás características dos migrantes, tres de cada dez movementos migratorios corresponden a fluxos de idades entre 25 e 34 anos, relación que sería de case setenta e cinco de cada cen no caso das idades comprendidas entre 16 e 64 anos. Os fluxos migratorios seguen caracterizándose no ano 2004 por un maior protagonismo das mulleres, que representan o 51,5% das migracións. Esta porcentaxe é máis elevada no caso das persoas con máis de 65 anos, co 59,6%, e no das mulleres con idades comprendidas entre 16 e 24 anos e 25 e 44 anos, ao representar o 57,0% e o 52,0%, respectivamente.

No concernente ás **migracións externas**, os fluxos migratorios co resto das comunidades autónomas seguen presentando en 2004 un saldo negativo. O número total de migracións cara ás outras CC.AA. ascendeu a 20.208, mentres que as procedentes doutras comunidades autónomas acadou as 18.331. En relación aos saldos coas comunidades autónomas españolas, o **cadro 1.5.13.** reflicte que Galicia presenta un saldo positivo co País Vasco, Asturias, Madrid e Castela e León, ademais de Ceuta e Melilla.

Tanto no caso das saídas como das entradas, cómpre salientar o maior predominio dos homes, xa que o 51,2% dos inmigrantes e o 51,4% dos emigrantes cara o resto do Estado son homes. Atendendo á distribución segundo idades, cómpre salientar, novamente, que nos estratos de maior idade (máis de 45 anos) o saldo migratorio é positivo, e que o maior predominio das mulleres rexístrase no caso das persoas con idades comprendidas entre 16 e 24 anos e de máis de 65 anos.

Canto aos principais destinos e as principais orixes destes fluxos migratorios co resto do Estado, no ano 2004 non se producen cambios significativos en relación ao ano anterior. Dunha banda, Canarias, Madrid e Cataluña seguen acollendo máis da metade das saídas galegas cara o resto de España (o 50,9%) e das inmigracións procedentes do resto do Estado (51,2%).

Doutra, ao igual que para o conxunto de Galicia, en A Coruña e Pontevedra as devanditas tres comunidades autónomas son o principal destino e orixe destes fluxos migratorios. Pola contra, Cataluña e Madrid son as comunidades que presentan un maior peso dos fluxos migratorios de entrada e de saída

Movements migratorios en Galicia 2003-04

	Emigracións		Inmigracións		Saldo migratorio	
	2003	2004	2003	2004	2003	2004
Total	80.899	79.957	92.074	95.009	11.175	15.052
Migracións internas	58.351	57.312	58.351	57.312		
A mesma provincia	47.771	46.903	47.771	46.903		
A mesma comarca	25.966		25.966			
Outra comarca	21.805		21.805			
A outra provincia galega	10.580	10.409	10.580	10.409		
Migracións externas	22.548	22.645	33.723	37.697	11.175	15.052
Resto de España	20.297	20.208	16.670	18.331	-3.627	-1.877
Andalucía	1.562	1.747	1.056	1.370	-506	-377
Aragón	388	387	239	292	-149	-95
Asturias	916	995	977	1.075	61	80
Balears	1.213	1.071	873	895	-340	-176
Canarias	4.552	4.168	3.219	3.408	-1.333	-760
Cantabria	281	264	247	220	-34	-44
Castela e León	1.533	1.371	1.553	1.685	20	314
Castela-A Mancha	404	401	284	352	-120	-49
Cataluña	2.939	2.905	2.358	2.589	-581	-316
Extremadura	160	191	144	180	-16	-11
Madrid	3.035	3.219	3.072	3.397	37	178
Murcia	327	396	348	299	21	-97
Navarra	244	228	148	207	-96	-21
C. Valenciana	1.487	1.644	903	967	-584	-677
País Vasco	996	999	1.074	1.160	78	161
A Ríoxa	165	148	96	135	-69	-13
Ceuta	48	31	34	48	-14	17
Melilla	47	43	45	52	-2	9
Estranxeiro	2.251	2.437	17.053	19.366	14.802	16.929

Fonte: IGE, Movements migratorios

1.5.13.

Movements migratorios en Galicia 2004: distribución segundo provincias

	Emigracións				Inmigracións			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	35.377	8.676	11.752	24.152	42.545	9.859	12.857	29.748
Migracións internas	26.317	6.221	8.230	16.544	27.197	5.802	7.676	16.637
A mesma provincia	23.312	4.215	6.053	13.323	23.312	4.215	6.053	13.323
A outra provincia galega	3.005	2.006	2.177	3.221	3.885	1.587	1.623	3.314
Migracións externas	9.060	2.455	3.522	7.608	15.348	4.057	5.181	13.111
Resto de España	8.053	2.312	2.981	6.862	7.662	2.376	2.327	5.966
Andalucía	791	137	215	604	696	91	102	481
Aragón	155	54	42	136	139	39	31	83
Asturias	336	363	78	218	381	387	98	209
Balears	477	85	127	382	436	41	75	343
Canarias	1.818	230	337	1.783	1.520	151	197	1.540
Cantabria	114	30	47	73	108	38	18	56
Castela e León	446	219	318	388	609	219	322	535
Castela-A Mancha	144	39	67	151	158	49	44	101
Cataluña	1.107	379	550	869	871	515	535	668
Extremadura	58	22	38	73	78	18	24	60
Madrid	1.240	402	516	1.061	1.466	481	362	1.088
Murcia	200	32	30	134	179	13	15	92
Navarra	86	24	57	61	74	18	42	73
C. Valenciana	622	155	272	595	400	124	139	304
País Vasco	370	109	243	277	445	183	279	253
A Ríoxa	48	26	40	34	61	4	33	37
Ceuta	12	5	1	13	17	3	6	22
Melilla	29	1	3	10	24	2	5	21
Estranxeiro	1.007	143	541	746	7.686	1.681	2.854	7.145

Fonte: IGE, Movements migratorios

1.5.14.

Inmigracións 2004: distribución segundo tipo de migración, sexo e idade

Homes							
	Total	Inmigración interna		Inmigración externa			
		Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A.		Do estranxeiro	
Total	46.902	27.813	22.719	5.094	19.089	9.381	9.708
< 16 anos	7.651	4.734	4.057	677	2.917	1.400	1.517
16 - 24 anos	5.880	3.260	2.750	510	2.620	1.131	1.489
25 - 34 anos	13.951	8.624	7.001	1.623	5.327	2.910	2.417
35 - 44 anos	8.406	5.061	4.052	1.009	3.345	1.790	1.555
45 - 54 anos	4.312	2.474	2.048	426	1.838	839	999
55 - 64 anos	3.193	1.589	1.247	342	1.604	640	964
Maiores 65 anos	3.509	2.071	1.564	507	1.438	671	767

Mulleres							
	Total	Inmigración interna		Inmigración externa			
		Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A.		Do estranxeiro	
Total	48.107	29.499	24.184	5.315	18.608	8.950	9.658
< 16 anos	7.347	4.512	3.877	635	2.835	1.332	1.503
16 - 24 anos	7.447	4.320	3.588	732	3.127	1.320	1.807
25 - 34 anos	14.681	9.347	7.603	1.744	5.334	2.874	2.460
35 - 44 anos	7.386	4.695	3.845	850	2.691	1.365	1.326
45 - 54 anos	3.685	2.144	1.801	343	1.541	646	895
55 - 64 anos	2.889	1.420	1.137	283	1.469	580	889
Maiores 65 anos	4.672	3.061	2.333	728	1.611	833	778

Total							
	Total	Inmigración interna		Inmigración externa			
		Da mesma provincia	Doutra provincia	Doutra C.A.		Do estranxeiro	
Total	95.009	57.312	46.903	10.409	37.697	18.331	19.366
< 16 anos	14.998	9.246	7.934	1.312	5.752	2.732	3.020
16 - 24 anos	13.327	7.580	6.338	1.242	5.747	2.451	3.296
25 - 34 anos	28.632	17.971	14.604	3.367	10.661	5.784	4.877
35 - 44 anos	15.792	9.756	7.897	1.859	6.036	3.155	2.881
45 - 54 anos	7.997	4.618	3.849	769	3.379	1.485	1.894
55 - 64 anos	6.082	3.009	2.384	625	3.073	1.220	1.853
Maiores 65 anos	8.181	5.132	3.897	1.235	3.049	1.504	1.545

Fonte: IGE, Movements migratorios

1.5.15.

en Lugo e Ourense, seguidas de Asturias no primeiro caso e de Castela e León ou Canarias, segundo se consideren as entradas ou saídas, respectivamente, en Ourense.

No que atinxe ao número de **movements migratorios co estranxeiro**, un total de 19.366 persoas procedentes do estranxeiro estableceron a súa residencia en Galicia, e 2.437 persoas residentes en municipios galegos deixaron estes concellos para ir ao estranxeiro. Comparado co ano anterior, o devandito **cadro 1.5.14.** amosa unha medra tanto das inmigracións procedentes do estranxeiro como das saídas de Galicia, rexistrándose un incremento do saldo migratorio positivo, que acada un valor de 16.929.

No último ano, o 35% das inmigracións procedentes do estranxeiro son de nacionalidade española (6.772 persoas), mentres no conxunto do Estado, esta porcentaxe ascende ao 6%. Galicia segue a ser a comunidade autónoma que recibe máis españois procedentes do estranxeiro, co 17,5% do número total de españois procedentes do estranxeiro. Fronte ao elevado peso relativo da inmigración estranxeira de nacionalidade española no conxunto do Estado, a importancia relativa de estranxeiros que chegan a Galicia é do 2%.

Emigracións 2004: distribución segundo tipo de migración, sexo e idade

Homes							
	Total	Emigración interna		Emigración externa			
		A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro	
Total	39.475	27.813	22.719	5.094	11.662	10.395	1.267
< 16 anos	6.104	4.734	4.057	677	1.370	1.292	78
16 - 24 anos	5.147	3.260	2.750	510	1.887	1.700	187
25 - 34 anos	12.835	8.624	7.001	1.623	4.211	3.872	339
35 - 44 anos	7.119	5.061	4.052	1.009	2.058	1.839	219
45 - 54 anos	3.493	2.474	2.048	426	1.019	825	194
55 - 64 anos	2.141	1.589	1.247	342	552	422	130
Maiores 65 anos	2.636	2.071	1.564	507	565	445	120

Mulleres							
	Total	Emigración interna		Emigración externa			
		A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro	
Total	40.482	29.499	24.184	5.315	10.983	9.813	1.170
< 16 anos	5.904	4.512	3.877	635	1.392	1.323	69
16 - 24 anos	6.344	4.320	3.588	732	2.024	1.827	197
25 - 34 anos	13.206	9.347	7.603	1.744	3.859	3.517	342
35 - 44 anos	6.286	4.695	3.845	850	1.591	1.402	189
45 - 54 anos	2.916	2.144	1.801	343	772	637	135
55 - 64 anos	1.905	1.420	1.137	283	485	366	119
Maiores 65 anos	3.921	3.061	2.333	728	860	741	119

Total							
	Total	Emigración interna		Emigración externa			
		A mesma provincia	A outra provincia	A outra C.A.		Ao estranxeiro	
Total	79.957	57.312	46.903	10.409	22.645	20.208	2.437
< 16 anos	12.008	9.246	7.934	1.312	2.762	2.615	147
16 - 24 anos	11.491	7.580	6.338	1.242	3.911	3.527	384
25 - 34 anos	26.041	17.971	14.604	3.367	8.070	7.389	681
35 - 44 anos	13.405	9.756	7.897	1.859	3.649	3.241	408
45 - 54 anos	6.409	4.618	3.849	769	1.791	1.462	329
55 - 64 anos	4.046	3.009	2.384	625	1.037	788	249
Maiores 65 anos	6.557	5.132	3.897	1.235	1.425	1.186	239

Fonte: IGE, Movements migratorios

1.5.16.

Os datos da *Estadística de variaciones residenciales* amosan unha certa equiparación no protagonismo da inmigración masculina e feminina. No caso das inmigracións de estranxeiros, cómpre salientar que, a diferenza do acontecido no caso das inmigracións de persoas de nacionalidade española, existe un maior protagonismo por parte das mulleres. No que atinxe ás inmigracións de persoas de nacionalidade estranxeira, en 2004 as mulleres representan o 51,6%, en tanto que no caso das inmigracións por parte de españoles, esta porcentaxe era do 46,6%.

En relación aos lugares de procedencia, os cinco países máis importantes canto ao número de inmigracións son Venezuela, con 1.892 migracións, Suíza, con 1.673, Brasil, con 1.672, Argentina, con 1.660 e Uruguai, con 1.637 migracións. En Europa, o país con maior número de inmigracións foi Portugal, con 977 inmigracións. Canto ás inmigracións de persoas con nacionalidade española, as máis numerosas son as procedentes de Suíza e Venezuela, en tanto que no caso da nacionalidade estranxeira, os primeiros países de procedencia son Brasil e Uruguai.

No concernente á distribución por idades das inmigracións do estranxeiro, o **cadro 1.5.15.** reflicte o predomínio das inmigracións das persoas con idades comprendidas entre 25 e 34 anos, que supoñen

Inmigracións de retorno ao concello de nacemento 2003-04: distribución segundo tipo de migración

2003					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	7.732	2.221	3.264	5.361	18.578
inmigración interna	4.945	1.516	2.028	3.074	11.563
Da mesma provincia	4.483	1.050	1.554	2.582	9.669
Doutra provincia	462	466	474	492	1.894
Inmigración externa	2.787	705	1.236	2.287	7.015
Doutra C.A.	1.744	540	698	1.650	4.632
Do estranxeiro	1.043	165	538	637	2.383
2004					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Total	7.558	1.956	2.953	5.373	17.840
inmigración interna	4.654	1.256	1.798	2.988	10.696
Da mesma provincia	4.195	834	1.367	2.550	8.946
Doutra provincia	459	422	431	438	1.750
Inmigración externa	2.904	700	1.155	2.385	7.144
Doutra C.A.	1.869	549	678	1.675	4.771
Do estranxeiro	1.035	151	477	710	2.373

Fonte: IGE, Movementos migratorios

1.5.17.

o 25,2% do total destes fluxos migratorios (cinco puntos porcentuais menos que o peso relativo correspondente ao número total de inmigracións). Asemade, cómpre salientar que tan só este grupo de idades e o comprendido entre 35 e 44 anos presentan unha importancia relativa inferior á distribución segundo idades das inmigracións totais galegas.

Ao igual que acontece coas inmigracións, en 2004 rexístrase un lixeiro predominio das emigracións dos homes cara ao estranxeiro, que representan o 52,0% das persoas que saen das fronteiras. Dos 2.437 movementos migratorios cara ao exterior acontecidos en 2004, 1.267 corresponderon a homes e os 1.170 restantes, a mulleres. Con todo, este lixeiro prodominio non se dá en tódolos estratos de idade xa que o volume destas migracións no caso das mulleres é superior entre as persoas con idades comprendidas entre 16 e 34 anos.

Un último aspecto a ter en conta á hora de analizar aos fluxos migratorios é o das **inmigracións de retorno** ao concello de nacemento. Estes fluxos descendieron no ano 2004 (último dato dispoñible) un 4,0% ata acadar os 17.840 movementos, 738 migracións menos que no ano anterior, dos que 10.696 corresponden á inmigración interna, e 7.144 movementos migratorios, á inmigración externa.

As provincias de A Coruña e Pontevedra son as que acollen o maior número de inmigracións de retorno, con 7.558 e 5.373 fluxos migratorios, o que representa o 72,5% do conxunto destas migracións. Comparado co acontecido no ano anterior, todas as provincias galegas, agás Pontevedra, cun nivel de fluxos migratorios semellante ao do ano anterior, presentan un descenso do volume total de inmigracións de retorno. En termos relativos, Lugo e Ourense foron as provincias que experimentaron as maiores caídas, cun 11,9% (265 inmigracións menos) e 9,5% (311 inmigracións de retorno menos), respectivamente.

No que atinxe á distribución segundo tipo de migración, as catro provincias galegas presentan unha caída do volume de inmigración interna, tanto da procedente de concellos da mesma provincia coma doutras provincias. En termos absolutos, A Coruña foi a que presentou o maior descenso das inmi-

gracións dentro da mesma provincia (288 migracións menos), en tanto que en Pontevedra se produciu a maior caída no caso das inmigracións procedentes de concellos doutras provincias (54 migracións menos).

Canto ás inmigracións de retorno procedentes doutras comunidades autónomas e do estranxeiro, estas medraron en conxunto un 1,8% ata acadar as 7.144 migracións no ano 2004. Dunha banda, as procedentes doutras comunidades autónomas acadaron os 4.771 movementos, un 3,0% máis que no ano anterior. Doutra, os fluxos migratorios procedentes do estranxeiro descenderon ata as 2.373 migracións, un 0,4% menos que no ano anterior. Atendendo á distribución provincial, o **cadro 1.5.17.** reflicte que Pontevedra, ao contrario do que sucede en Ourense, presenta unha medra tanto das inmigracións procedentes doutras comunidades autónomas coma das procedentes do estranxeiro, mentres que en A Coruña e Lugo se rexistra unha medra das inmigracións procedentes doutras CC.AA. e unha caída das procedentes do estranxeiro. ■